



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

FORMACION

SEGURIDAD Y SALUD

LABORAL



CENTRO DE SEGURIDADE E SAUDE LABORAL

A CORUÑA

Autor: D. Carlos Vidal Gómez de Travedo

**ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PREVENTIVO:
"RUTINAS" BÁSICAS. DOCUMENTACIÓN
RECOLLEITA, ELABORACIÓN E ARQUIVO**

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PREVENTIVO: "RUTINAS" BÁSICAS. DOCUMENTACIÓN RECOLLEITA, ELABORACIÓN E ARQUIVO.

ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA

Recordemos que co obxecto de garantir a seguridade e saúde dos traballadores ao seu servizo, a organización das actividades preventivas realizarase polo empresario de acordo con algunha das seguintes modalidades, atendendo así mesmo ao numero de traballadores e á súa peligrosidade, o Real Decreto 39 de 1997 nun anexo indica as actividades consideradas como perigosas. As distintas modalidades son:

- # Asumindo persoalmente o empresario tal actividade.
- # Designando a un ou varios traballadores para levala a cabo.
- # Constituindo un servizo de prevención propio.
- # Recorrendo a un servizo de prevención alleo acreditado.

Tanto a constitución dun Servizo de Prevención Propio ou a dun Servizo de Prevención Alleo, vén reguladas no Real Decreto 39 de 1997 e na Ou.M..de 27 de Xuño de 1997 que desenvolve este Decreto.

De forma sinóptica no cadro seguinte podemos ver as distintas opcións que como tipo de organización da Prevención poden presentarse.

TIPOS DE ORGANIZACION DO SERVICIO DE PREVENION

N ^a DE TRABALLADORES	MAIS DE 500	250 a500 E ACTIVIDADE PERIGOSA	MENOS DE 6	CUALIFICADAS COMO PELIGORAS	AS DEMAS EMPRESAS
PROPIO	OBRIGATORIO	OBRIGATORIO	OPCIONAL	OPCIONAL	OPCIONAL
ALLEO	COMPLEMENTO	COMPLEMENTO	OPCIONAL	MINIMO	OPCIONAL
MANCOMUNADO	NON	NON	OPCIONAL	OPCIONA	OPCIONAL
TRABALLADOR DESIGNADO	COMPLEMENTO	COMPLEMENTO	OPCIONAL	COMPLEMENTO	MIMIMO
ASUMIDO POLO PROPIO EMPRESARIO	NON	NON	MINIMO	NON	NON


No caso de empresas de menos de seis traballadores deberá acudir a medios externos para efectuar a Vixilancia da Saúde

GESTION DA PREVENCIÓN

Un sistema de xestión da Prevención é unha parte do sistema global da organización que facilita a xestión dos riscos.

Inclúe como é lóxico a estrutura organizativa, a planificación de actividades, as responsabilidades, prácticas, os procedementos, procesos e recursos, para desenvolver, implantar, alcanzar, revisar e manter unha correcta política preventiva no seo da empresa. Isto obriga a un sistema vivo en constante movemento

XESTION DO RISCO



A Lei de Prevención de Riscos Laborais no seu artigo 23 baixo o título de Documentación indica que:

O empresario deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral a seguinte documentación:

PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Este plan de prevención de riscos laborais integrado no sistema xeral de xestión da empresa, deberá incluír:

- A estrutura organizativa,
- As responsabilidades,
- As funcións,
- As prácticas,
- Os procedementos,
- Os procesos
- Os recursos necesarios para realizar a prevención de riscos.

AVALIACIÓN DOS RISCOS PARA A SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO E RESULTADO DOS CONTROIS PERIÓDICOS DAS CONDICIÓN DE TRABALLO E DA ACTIVIDADE DOS TRABALLADORES.

O empresario deberá realizar unha avaliación inicial dos riscos para a seguridade e saúde dos traballadores, tendo en conta:

- ▣ A natureza da actividade
- ▣ As características dos postos de traballo existentes
- ▣ As características dos traballadores que deban desempeñalos.
- ▣ A elección dos equipos de traballo
- ▣ As substancias ou preparados químicos
- ▣ O acondicionamento dos lugares de traballo.
- ▣ Os riscos específicos e actividades de especial peligrosidade.

A avaliación será actualizada cando cambien as condicións de traballo. A avaliación será revisada, con ocasión dos danos para a saúde que se produciron.

Realizarase controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores na prestación dos seus servizos, para detectar situacións potencialmente perigosas.

PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA, INCLUÍDAS AS MEDIDAS DE PROTECCIÓN E DE PREVENCIÓN A ADOPTAR E, NO SEU CASO, MATERIAL DE PROTECCIÓN QUE DEBA UTILIZARSE,

Se os resultados da avaliación puxesen de manifesto situacións de risco, o empresario realizará aquelas actividades preventivas necesarias para eliminar ou reducir e controlar tales riscos.

Estas actividades serán obxecto de planificación polo empresario, incluíndo:


- ▣ O prazo para levala a cabo.
- ▣ A designación de responsables
- ▣ Os recursos humanos e materiais necesarios para a súa execución.

A comprobación da efectiva execución das actividades preventivas. As actividades de prevención deberán ser modificadas cando se aprecie a súa inadecuación aos fins de protección requiridos

PRÁCTICA DOS CONTROIS DO ESTADO DE SAÚDE DOS TRABALLADORES E CONCLUSIÓN OBTIDAS DOS MESMOS.

O empresario e as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención serán informados das conclusións dos recoñecementos en relación con:

- ▣ A aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo
- ▣ A necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección e prevención

 RELACIÓN DE ACCIDENTES DE TRABAJO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS QUE CAUSEN AO TRABALLADOR UNHA INCAPACIDADE LABORAL SUPERIOR A UN DÍA DE TRABAJO.

 REMITIR Á AUTORIDADE LABORAL A DOCUMENTACIÓN SINALADA NO APARTADO ANTERIOR AO CESE DA SÚA ACTIVIDADE

Existen regulamentos que obrigan a custódiaa dos datos de recoñecementos durante moitos anos, as veces mais de trinta anos

 NOTIFICACIÓN POR ESCRITO Á AUTORIDADE LABORAL OS DANOS PARA A SAÚDE DOS TRABALLADORES

A documentación deberá tamén ser posta a disposición das autoridades sanitarias

A Norma OUSAS 18001: 1999 Sistemas de Xestión da Seguridade e Saúde no traballo establece unha serie de requisitos para un sistema de xestión que permita a unha organización controlar os seus riscos e mellorar o seu desenvolvemento. Non establece criterios específicos, nin proporciona especificacións detalladas para o deseño dun sistema de xestión.

AVALIACIÓN DOS RISCOS.

Non existe un formato oficial onde plasmar esta avaliación. A Xunta de Galicia, a través dos seus Centros de Seguridade e Saúde Laboral elaborou, para facilitar este labor unha GUIA DE AVALIACION DE RISCOS LABORAIS

NOTIFICACIÓN Á AUTORIDADE LABORAL Os DANOS PARA A SAÚDE DOS TRABALLADORES

L a Directiva 89/391/CEE transposta pola Lei de Prevención de riscos Laborais, indicaba a necesidade de harmonización, os datos estatísticos existentes non permitían unha correcta comparación dos datos dos diversos países, xa que a forma de rexistro de accidentes e enfermidades profesionais variaban dun país a outro e faise necesario uns datos homoxéneos

Por iso é polo que nace o PROXECTO DE ESTATÍSTICAS EUROPEAS DE ACCIDENTES DE TRABAJO, proxecto coordinado pola axencia EUROSTAT.

En España a Lei de Procedementos Administrativos, admite técnicas telemáticas, electrónicas e informáticas como medio de notificación , por iso é polo que o Mº de Traballo e Asuntos Sociais mediante a ORDE TAS/2926/2002 Establecese novos modelos para a notificación de partes de accidentes de traballo e a súa posibilidade de transmisión por

procedemento electrónico.
Este sistema denomínase:

Sistema de declaración electrónica de accidentes de traballo.
Coñecido tamén como


Delta@

Accesible a través do enlace “ www.delta.mtas.es”.

Onde o empresario pode notificar e darse de alta en devandito procedemento, informarse da forma de obter a firma electrónica, etc. Esta regulado pola

RESOLUCIÓN de 26 de novembro de 2002, Regulación da utilización do Sistema de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo Delt@)

Nesta Orde tas/2926/2002 establécese a obrigação de:

NOTIFICAR  Partes de Accidentes de Traballo
Relacions de Accidentes de Traballo sen baixa médica
Relacion de altas ou falecimentos de accidentados

COMUNICAR  De modo urxente os Accidentes de Traballo


Os prazos establecidos para a súa comunicación son

Relacion de accidentes sen baixa médica  Mensual

Relacion de altas ou falecimentos  Mensual

Parte de accidente de traballo

Leves  5 días habiles

Graves  24 horas
Telegrama o similar

No caso dos graves é necesario comunicalo de forma urxente, aínda que non se coñezan exactamente as consecuencias ou dano sufrido.

INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES E E. P.

Unha vez producido o dano á saúde é necesario efectuar unha investigación das causas

Esta investigación realizada sempre “in situ” desenvólvese en tres etapas

- ✚ Recollida da información
- ✚ Detección das causas
- ✚ Medidas correctoras a adoptar

Para obter esta información temos que ter en conta as premisas seguintes:

- Aceptar só feitos probados
- Evitar a procura de responsabilidades
- Realizar a investigación na máxima proximidade no tempo desde que ocorreu.
- Entrevistar ao accidentado, ás testemuñas, mandos directos, etc. Pero sempre de forma individualizada
- Analizar todos os aspectos que poidan intervir.

Existe varios métodos de investigación entre eles o do “árbore de causas” do que o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene a desenvolvido unha Nota Técnica de Prevención

MANUAL DE GESTION DA PREVENCIÓN

Aínda que a xestión da Prevención **ten que ser un elemento “vivo” e non é unha chea de “papeis”** o manual de xestión define a política da empresa, establecendo obxectivos e procedementos para:

POLÍTICA E PREVENCIÓN

- Concertos con Servizos de Prevención alleos
- Nomeamento dos órganos formais da prevención na empresa, certificado da formación específica recibida e funcións
- Consulta da modalidade preventiva aos traballadores
- Actas sobre compromisos adquiridos na adopción de melloras preventivas.
- Actas de reunións do Comité de Seguridade e Saúde.

AVALIACIÓN DE RISCOS

- Avaliación inicial
- Revisións á avaliación realizadas
- Procedementos de avaliación de carácter xeral e específicos aplicados

PREVENCIÓN NA ORIXE, PROTECCIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL

- Proxectos de instalacións e equipos e as correspondentes autorizacións regulamentarias (Regulamentos de Seguridade Industrial afectados e RD. 486 /97)
- Manuais de instrucións de maquinas e equipos fornecidos polos fabricantes
- Declaracións CE de conformidade de maquinas e equipos de traballo
- Certificados de inspección de Organismos de control autorizados, en instalacións e equipos sometidos a regulamentación de Seguridade Industrial
- Rexistro de revisións e comprobacións de determinados equipos de traballo
- Fichas de datos de Seguridade de sustancias e preparados perigoso
- Declaracións de conformidade CE e Folleto informativo do EPI en castelán

ACTIVIDADES FORMATIVAS

- Certificados de cualificación das persoas con funcións preventivas na empresa
- Xustificantes de formación dos traballadores contratados a Empresas de Traballo Temporal
- Rexistros da información fornecida a traballadores tanto propios como alleos sobre os riscos xerais e específicos aos que están expostos

PLANIFICACIÓN CONTROL DE RISCOS

- Resultado dos controis das condicións de traballo e da actividade dos traballadores
- Rexistro de revisións periódicas de determinados equipos de traballo
- Certificados de inspección de Organismos de control autorizados para os equipos sometidos a regulamentación oficial.

RISCOS HIGIÉNICOS

- Informes de resultados de medicións e controis hixiánicos, cando estes sexan necesarios, realizados por persoal competente
- Certificados de calibración de equipos utilizados nas medicións.

- ✚ Programa periódico de control ambiental de riscos hixiénicos (Regulamentos específicos).
- ✚ Rexistros de control biolóxico e de saúde dos traballadores expostos a riscos hixiénicos
- ✚ Fichas de datos seguridade de sustancias e preparados perigosos
- ✚ Notificación previa á Autoridade Laboral antes de utilizar Axentes Biolóxicos de grupo 2,3 ou 4

RISCOS ERGONOMICOS

- ✚ Avaliación de riscos, con atención á carga física, carga mental e organización do traballo en actividades ou tarefas que o requiran e a conseguinte planificación preventiva
- ✚ Análise do perfil do posto de traballo ante potenciais riscos ergonómicos e psico-sociais
- ✚ Estudos ergonómicos e psico-sociais en actividades con problemática específica

VIXILANCIA DA SAÚDE

- ✚ Documentación sobre práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores e conclusións en termos de aptitude obtidas dos mesmos
- ✚ Relación de todas as enfermidades profesionais e accidentes de traballo que lle causen ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de
 - ✚ Comunicación aos traballadores afectados dos resultados de os recoñecementos médicos
 - ✚ Consentimento dos traballadores cando a vixilancia da saúde sexa voluntaria.
 - ✚ Informe dos representantes dos traballadores polo que se exceptúan do seu carácter voluntario certos controis do estado da saúde
 - ✚ Protocolos e procedementos de vixilancia da saúde a realizar en caso de non existir ou non utilizar os protocolos establecidos polo Ministerio de Sanidade
 - ✚ Listaxe de postos de traballo que, requiran para o seu desempeño dunhas condicións mínimas por parte do traballador que vaia desempeñalo

MODIFICACIÓNS E ADQUISICIONES

- ✚ Declaración CE de conformidade de máquinas

- ▣ Manuais de instruccións de máquinas en castelán
- ▣ Fichas de datos de seguridade de substancias e preparados perigosos
- ▣ Proxectos de instalacións e equipos e as correspondentes autorizacións
- ▣ Rexistros industriais e certificados de inspección de Organismos de control autorizados, nos equipos sometidos a regulamentación oficial.
- ▣ Declaracións de conformidade CE de EPI
- ▣ Folleto informativo de EPI en castelán

COORDINACIÓN EMPRESARIAL.

- ▣ Avaliación de riscos asociados á actividade a realizar por contrátas.
- ▣ Plan de prevención para o seu control.
- ▣ Medidas de prevención e protección a tomar polo persoal da empresa principal fronte a eses riscos.
- ▣ Relación permanentemente actualizada de operarios de contrátas, garantías da súa formación en prevención de riscos laborais e cualificación acorde ás tarefas a realizar.
- ▣ Reunións conxuntas do Comité de Seguridade e Saúde ou, na súa falta, dos Delegados de Prevención e empresarios das empresas que carezan de devanditos Comités, no suposto de desenvolvemento simultáneo de actividades nun mesmo centro de traballo.
- ▣ Información facilitada a contrátas que poidan verse afectadas sobre os riscos existentes na empresa principal, medidas preventivas a adoptar e medidas de urxencia a aplicar
- ▣ Información recabada de contrátas sobre os riscos e as medidas preventivas a adoptar
- ▣ Avaliacións de riscos realizadas por contrátas

ACTUACIÓN EN CASO DE CONTRATO DE PERSOAL MEDIANTE EMPRESAS DE TRABAJO TEMPORAL

- ▣ Acreditación de aptitudes, cualificacións e informacións de riscos de traballadores de empresas de traballo temporal
- ▣ Comunicación a membros do Servizo de Prevención, Delegados, Traballadores designados


AUDITORIA DO SISTEMA

Cada cinco anos as empresas teñen que auditar a súa xestión da Prevención, coa particularidade de que as empresas de menos de 6 traballadores poden pedir a exención de auditoría

REGISTROS DOCUMENTALES DE GESTION DA PREVENCIÓN

Son múltiples os documentos posibles, o que non quere necesariamente que teña que ser así, de feito na figura adxunta aparecen algúns que é preferible que non teñan que existir

COMUNICACIONES E RELACIONES DOCUMENTAIS DE PREVENCION



CUESTIONS ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PREVENTIVO: "RUTINAS"
BÁSICAS. DOCUMENTACIÓN RECOLLEITA, ELABORACIÓN E ARQUIVO.

CADA CANTO TEMPO TEN QUE FACER UNHA AUDITORIA DE
PREVENCIÓN UNHA EMPRESA

NUNHA EMPRESA DE 5 TRABALLADORES ¿QUEN ASUME A
PREVENCIÓN?

EN QUE PRAZO HAI QUE COMUNICAR UN ACCIDENTE MORTAL

¿QUIE TEN ACCESO Á DOCUMENTACIÓN DE PREVENCIÓN?